

Este sinxelo manual que agora che amosamos ten como finalidade facer máis doadas as túas relacións co Club. Estas normas veñen extraídas dos propios Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno, aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria, e que por suposto están á túa disposición para maior información. Solicita un exemplar cando o desexes na oficina do Club.

Normas de funcionamento

- As inscricións como socio son como mínimo por un ano, que se pagará por adiantado xunto ca cota de entrada. Posteriormente o Club pasará cobros semestrais. A falta de pago das cotas por un ano supón a perda da condición de socio.
- Na Circular mensual, na páxina Web ou no blog terás información de todas as actividades, charlas, cursiños, exposicións, festas, etc. que se realicen. Permanece atento e participa.
- As inscricións para as actividades pódelas facer persoalmente no Local Social ou por teléfono. As dúas formas son consideradas en firme e implican xa o seu pagamento. Este farase seguindo as indicacións no momento da inscrición na actividade.
- Feita a inscrición e, de non ir, só se recuperará o importe no caso de ser ocupada a praza por alguén da lista de espera. Son de obrigado pagamento polo socio os gastos de anticipos ou reservas, se os houberse, sempre que lles fosen requiridos ao Club para esa actividade. Tamén se recuperará o importe no caso de ser suspendida a actividade pola Xunta Directiva.
- As inscricións pódelas facer normalmente dende o xoves da semana anterior á actividade. Nas saídas de fin de semana permanece atento ás indicacións na circular ou no blog.
- En cada actividade hai un responsable do Club que atende ás dúbidas que poidas ter.
- As actividades son deseñadas no seu conxunto pola vogalía correspondente, e realízanse nos medios de transporte que esta dispoña. Os socios poden colaborar no deseño e realización dalgunhas actividades.
- Os menores de idade que acudan sos farano cunha autorización e teñen, acompañados ou non, un desconto no prezo do bus de ata un 50% en función dos participantes e segundo decisión da Xunta Directiva.
- O Local Social permanece aberto de martes a venres en horario de 19,30h a 21,30h todos os meses do ano agás o mes de agosto.



MOI IMPORTANTE

Dado que para poder participar en actividades deportivas se debe cumprir o establecido no **artigo 22 da Lei 3/2012**, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, onde o organizador debe contemplar a asistencia sanitaria dos participantes mediante a subscrición dun seguro deportivo **o noso consello é:**

!!Solicita a licenza federativa!!.....e así:


Gozarás dun seguro deportivo, 365 días ao ano as 24 horas do día, en actividades particulares ou nas organizadas por un club ou outras entidades.

Poderás acceder as actividades da FGM e aos cursos da EGAM cunha subvención, concedida polo noso club, de ata un 25%.

Terás descontos nos máis de 40 refuxios de montaña, nacionais e internacionais.

Gozarás de descontos nas actividades de un ou varios días organizadas polo club.

Poderás participar en sorteos ou promocións.....e moitas cousas máis.



E cando vaias á montaña.....**LEMBRA:**

- * No vaias só. Indo dous ou tres deixa sempre aviso do lugar a visitar e do percorrido.
- * Infórmate antes do que pensas facer, dos horarios, dos descansos e dos imprevistos.
- * Cando menos leva sempre compás ou GPS e un mapa. E un pequeno botiquín de emerxencia.
- * As condicións meteorolóxicas xogan un gran papel. Non xogues ti con elas e vai preparado e ben informado do que poida pasar. Dependendo do que penses facer, o teu estado físico fará que o pases ben, mal ou moi mal....
- * Mellora constantemente a túa formación e información. No club podes consultar libros de como practicar este deporte. Ademais, lembra que a Natureza é a casa de todos. Deféndea e se podes fai por deixala mellor do que está. !Aínda temos moito que aprender!
- * **UNHA RECOMENDACIÓN: CONSULTA NA NOSA WEB O APARTADO MONTAÑA SEGURA**

<https://trevinca.es/seguridade-na-montana/>

¡¡ GRAZAS POR ESCOLLER AO CLUB PEÑA TREVINCA M.G. !!